

Santiago González Lopo

(Vigo, 1974) é escritor, tradutor e profesor de francés na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Iniciouse profesionalmente traducindo guións cinematográficos para televisión e, en 1998, traduciu para o galego, xunto a Xavier Queipo, dúas obras do escritor francés Hervé Guibert: *Citomegalovirus / O meu criado* e *mais eu*.

En 2006, gañou o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, con *Game over*.

En 2009, publicou *Peaxes*, a súa segunda obra de narrativa de ficción.

En 2012, gañou o XXIV Premio Manuel García Barros coa novela *Hora Zulú*.

En 2014 gaña o Premio de Narrativa breve co *A diagonal dos Tolos*.

En 2016 publica a "*A voz das nereidas*", dentro da colección "*Historias para coñecermos Vigo*" (Editorial Elvira)

Entrevista a Santiago Lopo

- Que significou para ti gañar o Premio de Narrativa Breve Repsol?

Para min supuxo afianzar a miña traxectoria de escritor e axudoume a chegar a máis lectores e lectoras.

- Crees que a narrativa breve é un modo de chegar a máis lectores? -que é o máis difícil desta tipoloxía de narrativa?

A narrativa breve gaña adeptos continuamente. O máis difícil é conseguir un bo ritmo na historia que se conte, e que esta sexa capaz de engaiolar a quen a le.

- En que proxecto estás a traballar agora?

Acabo de publicar "A voz das nereidas", dentro da colección "Historias para coñecermos Vigo" (Editorial Elvira). É un relato histórico que acontece nas praias da cidade olívica. Nel mestúrase o pasado romano de Vigo e as súas salinas coa época actual.